Concello
de Samos

Pz. de España, s/n 27620 Samos (Lugo) Telf./Fax 982 546002 / 982 546122

**JULIO GALLEGO MOURE (1 para 2)**
ALCALDE PRESIDENTE
Data de Sinatura: 05/12/2016
HASH: a762ebbd7e80523e61d413e70622b39b

**ANA ISABEL CANDAME AREOSA (2 para 2)**
SECRETARIA/INTERVENTORA/TESOREIRA
Data de Sinatura: 05/12/2016
HASH: 97fcca4e9a55de239f2f8da67d3e456e

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do día ***SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASEIS,*** baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. concelleiros D. José Antonio García Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez, D. José Antonio Real Vázquez e D. José Aurelio López López (ausente sen excusar a mesma o Sr. concelleiro D. Manuel López Armesto), asistidos pola secretaria municipal Dª. Ana Isabel Candame Areosa, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión **"ordinaria"** do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa á mesma.

Aberto o acto pola Presidencia procédese a tratar os asuntos que figuran na orde do día da convocatoria, que son do teor seguinte:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 23.09.2016.**

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde pregúntase aos Sres. concelleiros asistentes se teñen que facer algunha observación ao borrador da acta da sesión anterior de data 23/09/2016, que lles foi entregado xunto coa orde do día. Tódolos asistentes sinalan que non teñen ningunha obxeción, quedando aprobado nos termos nos que está redatado por unanimidade dos asistentes (oito votos a favor), sendo nove (9) o número legal de membros.

**2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.**

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta dos Decretos de Alcaldía ditados dende o 2 de agosto ata o 3 de outubro de 2016.

Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

**3º.- DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS 2017.**

O Sr. alcalde cede a palabra á secretaria-interventora municipal, a cal da conta aos Sres. concelleiros da remisión en data 14/09/2016 ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da aplicación de captura habilitada na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais, da información correspondente ás liñas fundamentais dos Orzamentos 2016. Optouse por remitir a información a través do Modelo Simplificado ao ter este Concello unha poboación inferior aos 5000 habitantes.

Dita remisión efectúase ao abeiro do artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustenibilidade Financeira, que sinala que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requerimentos da normativa europea. O subministro da información realízase consonte ao establecido nos artigos 5 e 13 da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desevolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e

Sustenibilidade Financeira.

Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

**4º.- MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL.**

Visto o ditame favorable emitido na sesión celebrada en data 04/10/2016 pola Comisión Especial de Contas, a cal segundo acordo plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda.

Vista a Proposta de Alcaldía obrante no expediente, da cal deu lectura a Presidencia e que a continuación se transcribe:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: Expediente n.º 1/2016 de modificación das Bases de Execución Orzamentarias.**

Pretendéndose a modificación das Bases de Execución nº 25 e n.º 26 do vixente Orzamento da Corporación, o prorrogado do exercicio 2015, coa finalidade de prever a concesión de subvencións neste exercicio, cuxos créditos non se prorrogaron no citado Orzmento aprobado por Decreto de Alcaldía de data 31/12/2015 por considerar que afectaban a servizos ou programas que concluíron no exercizo anterior, mediante providencia de alcaldía de data 22 de setembro de 2016, incoouse o expediente para modificar as Bases citadas de Execución Orzamentarias, e solicitouse informe de secretaría-intervención.
Visto o informe emitido por secretaría-intervención, **ESTA ALCALDÍA SOMETE Á CONSIDERACIÓN DO PLENO CORPORATIVO, PREVIO DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, a cal segundo acordo plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda, a seguinte PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación das Bases de Execución do vixente orzamento municipal, nos seguintes termos:

**Donde dí:**
"

***BASE 25. Procedemento de concorrencia competitiva***

...

6. *Este ano non se dotou orzamentariamente de crédito para este procedemento, sinalándose nominativamente a través do procedemento de concesión directa. "*

"

***BASE 26. Procedemento de concesión directa***

*...*

*5. (...)*

*Se establecen as seguintes subvencións nominativas :*

*- ASOCIACIÓN COMERCIANTES E ARTESÁNS DE SAMOS: 3.000,00 euros ( Partida 338.481). Obxecto: Celebración de actividades no ano 2015. "*

**Debe dicir:**

"

***BASE 25. Procedemento de concorrencia competitiva***

...

6. *O crédito consignado para este procedemento na partida 341.482 ascende a 600,00 euros.*

"

"

***BASE 26. Procedemento de concesión directa***

...

*5. (...)*

*Se establecen as seguintes subvencións nominativas :*

*- SUBVENCIÓN NOMINATIVA COLECTIVO ORGANIZADOR FESTAS S. BENITO DE SAMOS: 1.000,00 euros (Partida 334.480). Obxecto: Celebración Festas S. Benito ano 2016.*

*- SUBVENCIÓN NOMINATIVA ASOCIACIÓN COMERCIANTES E ARTESÁNS DE SAMOS: 1.000,00 euros ( Partida 338.481). Obxecto: Celebración de actividades no ano 2016. "*

**SEGUNDO:** Expoñer ao público a modificación así aprobada, por un prazo

de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, para que os interesados poidan presentar as reclamacións correspondentes.

**TERCEIRO:** Considerar elevados a definitivos estes acordos en caso de que non se presente ningunha reclamación.

**CUARTO:** Remitirlles unha copia á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, simultáneamente á remisión ao Boletín Oficial da Provincia.

En Samos, a 23 de setembro de 2016. O alcalde, Asdo.- Julio Gallego Moure."

O Pleno Corporativo, despois da intervención do Sr. voceiro do Grupo municipal do Partido Popular para manifestar que unha vez máis e como veñen dicindo sempre, as subvencións a conceder polo concello teñen que estar previstas a principios de ano para que as asociacións saiban o que poden gastar, e a réplica do Sr. alcalde sinalando que a principios de ano é difícil saber se disporemos de orzamento para dita finalidade, e que non obstante, este ano espera aprobar os Orzamentos do exercicio 2017 en plazo antes de principios de ano, se procede á votación, e por seis votos a favor dos Sres. concelleiros integrantes do Grupo municipal socialista, ningún voto en contra, e dúas abstencións dos Sres. concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular e do Grupo mixto, sendo nove o número legal de membros, en virtude da competencia atribuída polo art. 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, adopta o seguinte **ACORDO:**

-

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación das Bases de Execución do vixente orzamento municipal, nos seguintes termos:

**Donde dí:**

"

***BASE 25. Procedemento de concorrencia competitiva***

...

6. *Este ano non se dotou orzamentariamente de crédito para este procedemento, sinalándose nominativamente a través do procedemento de concesión directa. "*

"

***BASE 26. Procedemento de concesión directa***

...
*5. (…)*

*Se establecen as seguintes subvencións nominativas :*

*- ASOCIACIÓN COMERCIANTES E ARTESÁNS DE SAMOS: 3.000,00 euros ( Partida 338.481). Obxecto: Celebración de actividades no ano 2015. "*

**Debe dicir:**

“

***BASE 25. Procedemento de concorrencia competitiva***

...

6. *O crédito consignado para este procedemento na partida 341.482 ascende a 600,00 euros.*

“

“

***BASE 26. Procedemento de concesión directa***

...

*5. (...)*

*Se establecen as seguintes subvencións nominativas :*

*- SUBVENCIÓN NOMINATIVA COLECTIVO ORGANIZADOR FESTAS S. BENITO DE SAMOS: 1.000,00 euros (Partida 334.480). Obxecto: Celebración Festas S. Benito ano 2016.*

*- SUBVENCIÓN NOMINATIVA ASOCIACIÓN COMERCIANTES E ARTESÁNS DE SAMOS: 1.000,00 euros ( Partida 338.481). Obxecto: Celebración de actividades no ano 2016. “*

**SEGUNDO:** Expoñer ao público a modificación así aprobada, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, para que os interesados poidan presentar as reclamacións correspondentes.

**TERCEIRO:** Considerar elevados a definitivos estes acordos en caso de que non se presente ningunha reclamación.

**CUARTO:** Remitirlles unha copia á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, simultáneamente á remisión ao Boletín Oficial da Provincia.

**5º.- EXPEDIENTE Nº 15/2016 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERIA. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Visto o ditame favorable emitido na sesión celebrada en data 04/10/2016 pola Comisión Especial de Contas, a cal segundo acordo plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda.

Vista a Proposta de Alcaldía obrante no expediente, da cal deu lectura a Presidencia e que a continuación se transcribe:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: Expediente n.º 15/2016 de modificación de créditos. Créditos extraordinarios financiados con cargo ao remanente líquido de tesouraría.**

Sendo necesario a realización de gastos de investimento para adquisición de furgoneta, escáner para as dependencias municipais e transferencias correntes a subvencións a conceder polo concello para a realización de actividades culturais, de ocio e deportivas, os cales non se poden demorar ata o seguinte exercicio e para os que non existe crédito no vixente orzamento da Corporación, conforme queda xustificado na memoria obrante no expediente, e xa que se dispón de remanente líquido de tesouraría, segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, mediante providencia de alcaldía de data 28 de setembro de 2016, incoouse o expediente de modificación de créditos n.º 15/2016 na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos termos que se indican na memoria da Alcaldía citada, e solicitouse informe de secretaría-intervención.

Visto o informe favorable emitido por secretaría-intervención e que se considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, e dado que procede a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **ESTA ALCALDÍA SOMETE Á CONSIDERACIÓN DO PLENO CORPORATIVO, PREVIO DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, a cal segundo acordo plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda, a seguinte PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 15/2016, na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, dacordo co seguinte detalle:

**Altas en aplicacións de gastos**

| **Aplicación orzamentaria** | | **Núm.** | **Descrición** | **Euros** |
|---|---|---|---|---|
| **Progr.** | **Económica** | | | |
| 334 | 480 | | Subvención nominativa Colectivo Organizador Festas S. Benito de Samos | 1.000,00 |
| 338 | 481 | | Subvención nominativa Asociación Comerciantes e Artesáns de Samos | 1.000,00 |
| 341 | 482 | | Promoción e fomento do deporte. Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro | 600,00 |
| 920 | 624 | | Administración Xeral. Elementos de Transporte | 11.400,00 |
| 920 | 626 | | Administración Xeral. Equipos para procesos de información | 598,41 |
| | | | **TOTAL GASTOS** | 14.598,41 |

Esta modificación fináncialse con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos seguintes termos:

**Altas en Conceptos de ingresos**

| ECONÓMICA Concepto | Núm. | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|
| 870 | 00 | Remanente de Tesourería para gastos xerais | 14,598,41 |
| | | **TOTAL INGRESOS** | 14.598,41 |

**SEGUNDO.** Expoñer este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Samos, 29 de setembro de 2016, O alcalde, Asdo.: Julio Gallego Moure.”

Tras as únicas intervencións do Sr. voceiro do Grupo municipal do Partido Popular sinalando que se vai abster polo mesmo motivo manifestado no punto anterior, e do Sr. voceiro do Grupo mixto indicando que se vai abster, se procede á votación, e por e por seis votos a favor dos Sres. concelleiros integrantes do Grupo municipal socialista, ningún voto en contra e dúas abstencións dos Sres. concelleiros integrantes do Grupo municipal do Partido Popular e do Grupo mixto, sendo nove o número legal de membros, en virtude da competencia atribuída polo art. 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno Corporativo adopta o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 15/2016, na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, dacordo co seguinte detalle:

**Altas en aplicacións de gastos**

| Aplicación orzamentaria | | Núm. | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|---|
| **Progr.** | **Económica** | | | |
| 334 | 480 | | Subvención nominativa Colectivo Organizador Festas S. Benito de Samos | 1.000,00 |
| 338 | 481 | | Subvención nominativa Asociación Comerciantes e Artesáns de Samos | 1.000,00 |
| 341 | 482 | | Promoción e fomento do deporte. Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro | 600,00 |
| 920 | 624 | | Administración Xeral. Elementos de Transporte | 11.400,00 |
| 920 | 626 | | Administración Xeral. Equipos para procesos de información | 598,41 |
| | | | **TOTAL GASTOS** | 14.598,41 |

Esta modificación fináncíase con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos seguintes termos:

**Altas en Conceptos de ingresos**

| ECONÓMICA Concepto | Núm. | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| 870 | 00 | Remanente de Tesourería para gastos xerais | 14,598,41 |
| | | **TOTAL INGRESOS** | 14.598,41 |

**SEGUNDO.** Expoñer este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**6º.- EXPEDIENTE Nº 16/2016 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITO. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Visto o ditame favorable emitido na sesión celebrada en data 04/10/2016 pola Comisión Especial de Contas, a cal segundo acordo plenario de data 07/07/2015 actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda.

Vista a Proposta de Alcaldía obrante no expediente, da cal deu lectura a Presidencia e que a continuación se transcribe:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**
**ASUNTO: Expediente n.º 16/2016 de modificación de créditos. Suplementos de crédito financiados con cargo ao remanente líquido de tesouraría.**

Sendo necesario neste exercicio 2016 o recoñecemento de gastos de persoal derivados da aplicación da Disposición Adiciona 12ª da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2016 para o pago das cantidades pendientes aínda non recuperadas correspondentes á paga extra de decembro de 2012, transferencias correntes ao concello de Triacastela pola Traballadora social, así como os gastos de investimento de desmontaxe de acumuladores existentes, instalación de novos emisores e control horario da calefacción no Centro de Saúde, os cales non se poden demorar ata o seguinte exercicio e para os que o crédito consignado no vixente orzamento da Corporación resulta insuficiente e non ampliable, conforme queda xustificado na memoria obrante no expediente, e xa que se dispón de remanente líquido de tesouraría, segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, mediante providencia de alcaldía de data 28 de setembro de 2016, incoouse o expediente de modificación de créditos n.º 16/2016 na modalidade de suplementos de crédito financiados con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos termos que se indican na memoria da Alcaldía citada, e solicitouse informe de secretaría-intervención.

Visto o informe favorable emitido por secretaría-intervención e que se considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, e dado que procede a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **ESTA ALCALDÍA SOMETE Á CONSIDERACIÓN DO PLENO CORPORATIVO, PREVIO DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, a cal segundo acordo plenario de data 07/07/2015 actúa**

**como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de economía e facenda, a seguinte PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 16/2016, na modalidade de suplemento de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, dacordo co seguinte detalle:

**Altas en aplicacións de gastos**

| **Aplicación orzamentaria** | | **Núm.** | **Descrición** | **Euros** |
|---|---|---|---|---|
| **Progr.** | **Económica** | | | |
| 231 | 462 | | Asistencia social primaria. Transferencias correntes a concellos | 9.000,00 |
| 312 | 639 | | Hospitais, servicios asistenciais e centros de saúde. Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento operativo dos servicios | 4.776,60 |
| 920 | 130 | 00 | Administración Xeral. Retribucións básicas persoal laboral fixo | 648,80 |
| 920 | 131 | | Administración Xeral. Retribucións persoal laboral temporal | 1.395,55 |
| 920 | 120 | 00 | Administración Xeral. Sueldos grupo A1 | 340,31 |
| 920 | 120 | 03 | Administración Xeral. Sueldos grupo C1 | 320,75 |
| 920 | 120 | 04 | Administración Xeral. Sueldos grupo C2 | 348,17 |
| 920 | 120 | 05 | Administración Xeral. Sueldos grupo E | 279,44 |
| 920 | 121 | 00 | Administración Xeral. Complemento de destino | 858,00 |
| 920 | 121 | 01 | Administración Xeral. Complemento específico | 1.172,48 |
| | | | **TOTAL GASTOS** | 19.140,10 |

Esta modificación fínanciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos seguintes termos:

**Altas en Conceptos de ingresos**

| **ECONÓMICA** | **Núm.** | **Descrición** | **Euros** |
|---|---|---|---|
| **Concepto** | | | |
| 870 | 00 | Remanente de Tesourería para gastos xerais | 19.140,10 |
| | | **TOTAL INGRESOS** | 19.140,10 |

**SEGUNDO.** Expoñer este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Samos, 29 de setembro de 2016, O alcalde, Asdo.: Julio Gallego Moure."

Sen que se produzan intervencións se procede á votación, e por e por seis votos a favor dos Sres. concelleiros do Grupo municipal socialista, ningún voto en contra, e dúas abstencións dos Sres.

concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular e do Grupo mixto, sendo nove o número legal de membros, en virtude da competencia atribuída polo art. 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno Corporativo adopta o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 16/2016, na modalidade de suplemento de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, dacordo co seguinte detalle:

**Altas en aplicacións de gastos**

| **Aplicación orzamentaria** | | **Núm.** | **Descrición** | **Euros** |
|---|---|---|---|---|
| **Progr.** | **Económica** | | | |
| 231 | 462 | | Asistencia social primaria. Transferencias correntes a concellos | 9.000,00 |
| 312 | 639 | | Hospitais, servicios asistenciais e centros de saúde. Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento operativo dos servicios | 4.776,60 |
| 920 | 130 | 00 | Administración Xeral. Retribucións básicas persoal laboral fixo | 648,80 |
| 920 | 131 | | Administración Xeral. Retribucións persoal laboral temporal | 1.395,55 |
| 920 | 120 | 00 | Administración Xeral. Sueldos grupo A1 | 340,31 |
| 920 | 120 | 03 | Administración Xeral. Sueldos grupo C1 | 320,75 |
| 920 | 120 | 04 | Administración Xeral. Sueldos grupo C2 | 348,17 |
| 920 | 120 | 05 | Administración Xeral. Sueldos grupo E | 279,44 |
| 920 | 121 | 00 | Administración Xeral. Complemento de destino | 858,00 |
| 920 | 121 | 01 | Administración Xeral. Complemento específico | 1.172,48 |
| | | | **TOTAL GASTOS** | 19.140,10 |

Esta modificación fináncise con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos seguintes termos:

**Altas en Conceptos de ingresos**

| **ECONÓMICA** | **Núm.** | **Descrición** | **Euros** |
|---|---|---|---|
| **Concepto** | | | |
| 870 | 00 | Remanente de Tesourería para gastos xerais | 19.140,10 |
| | | **TOTAL INGRESOS** | 19.140,10 |

**SEGUNDO.** Expoñer este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**<u>7º.- MOCIÓN CxG, PROPOÑENDO QUE SE REVISEN OS PUNTOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NOS QUE OFREZAN PERIGO DE DESPRENDEMENTOS POR AUGAS E SE PROCEDA Á REALIZACIÓN DE CANLES DE DESVIO DAS MESMAS PARA EVITAR DESPRENDEMENTOS OU BARRONCAS.</u>**

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á

moción presentada con R.X.E. nº 2016/1290 en data 30 de setembro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

" José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dado que todo-los anos se producen desprendementos , ou barroncas , nos tramos do Camiño de Santiago que pasan polo noso Concello e tendo en conta que contamos con dous traballadores subvencionados pola Xunta de Galicia para o seu mantemento , non estaría de mais , aproveitando o bo tempo do que gozamos que se fixeran canais donde proceda para a toma de augas torrenciais e asi evitar nas épocas chuviosas a formación de bolsas de auga que propician eses desprendementos.

Polo que propoño a Pleno o seguinte:

**ACORDO:**

Que se revisen os puntos nos que ofrezan perigo de desprendementos por augas e que se proceda á realización de canles de desvio das mesmas para evitar eses inconvintes."

Rematada a lectura da moción se abre a quenda das intervencións, coas seguintes:

- SR. ALCALDE.- Cando hai desprendementos no Camiño de Santiago, sinalízase, e comunícase ao Xacobeo que é quen ten a titularidade do mesmo. Nós só podemos limpalo, recoller o lixo e pequeno mantemento. O Concello non pode variar o percorrido das augas e menos facer canles como pide vostede.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Nós o que pedimos é de mantemento, non alterar o cauce das augas, nin actuar sobre os desprendementos.

- SR. ALCALDE.- O mantemento xa se fai salvo as obras competencia do Xacobeo.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pois si xa se fai, vale.

Non habendo máis intervencións, ábrese a quenda das votacións co seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)
Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)
Abstencións: 1 (Grupo municipal do Partido Popular)

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

**8º.- MOCIÓN PRESENTADA POR CxG, PROPOÑENDO QUE SE LLE DÉ O**

**NOME DE "PASEO FIZ VERGARA VILARIÑO" Ó PASEO DA HORTA DA BOTICA.**

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/1291 en data 30 de setembro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

" José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dada a importancia de todos coñecida do noso conveciño, o Poeta de Lóuzara : Fiz Vergara Vilariño , e dada que ainda non tén adicada unha rúa no seu Concello natal :

Propoño a Pleno o seguinte:

**ACORDO**

Que se lle dé o nome de " Paseo de Fiz Vergara Vilariño " ó paseo da horta da botica."

- SR. ALCALDE.- Está claro que como vostede perdeu a votación veciñal na que propoñía que a Avda. Do Generalísimo se chamase Avda. Fiz Vergara Vilariño, agora quere emendar e relegar ao noso famoso poeta a un pequeno paseo peonil, xa que como é habitual parece que non lembra o que fixo cando era concelleiro do PP cando no ano 2005 votou que ese paseo levara o nome de "Teolindo Valcárcel" (médico desta vila, por se tampouco se lembra), polo tanto ese paseo xa tén nome, e por iso vamos a rexeitar a moción.

O PSOE propoñerá que o noso poeta Fiz Vergara luza o seu nome nun lugar visible e no centro de Samos, como é a praza do cuartel da Garda Civil, na que se poñerá unha placa co seu nome e un poema representativo da súa poesía ou un busto se é posible. Incluso enviaremos un escrito á Real Academia da Lingua Galega para que se adique un ano ó Día das Letras Galegas a este poeta da nosa terra.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Acórdome perfectamente, pero logo o cambio do nome da Avda. Generalísimo non estaba feito e tamén fóra acordado anteriormente polo Pleno, e o do Paseo sí está? Estase contradecindo…

- SR. ALCALDE.- Porque se revogou o acordo...

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Nese acordo tamén estaba o do Paseo.

- SR. ALCALDE.- Só se revogou o da Avda. Do Generalísimo, senón collo o acordo e ensínollo...

Feita a votación arroxa o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)

Votos en contra: 7 (6 do Grupo municipal socialista e 1 do Grupo municipal do Partido Popular)
Abstencións: ningunha

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a moción transcrita anteriormente.

**9º.- MOCIÓN DE CxG, PROPOÑENDO QUE SE ARRANXE COA MAIOR CELERIDADE O PASEO SITO EN RENCHE, MAIS COÑECIDO POLA MURALLA.**

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/1292 en data 30 de setembro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

" José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Visto o lamentable estado en que se encontra o paseo situado na localidade de Renche , mais coñecido pola Muralla , por ser , ou querer ser , unha reproducción a escala do Monumento principal da Capital Lucense. Vendo que se está desfacendo casi na súa totalidade , e sabendo que non costaría moito arranxalo para que non siga ferindo a vista dos vecinos e visitantes.

Propoño a Pleno o seguinte :

**ACORDO**

Que se arranxe coa maior celeridade ese paseo para que deixe de mostrar o aspecto de desidia e abandono que ofrece."

Rematada a lectura da moción, procédese coas intervencións seguintes:

- SR. ALCALDE.- Dado que esa área se atopa en influencia da COTOP da cal é titular, comunicaráselle que proceda ao seu arranxo ou que autorice ao Concello a amañala. Dado que pola parte de arriba tamén observamos que hai un valado que que ten moitas árbores en estado de abandono que colgan por riba desa área, e son causantes en parte dese destrozo da muralla, e visto o escrito presentado por CxG, seralle enviado ao titular da propiedade unha notificación para que proceda á súa limpeza e mantemento e así poder evitar que se siga desfacendo esa muralla.

-SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Eu non pido que se quiten as árbores, pido que se arranxe o paseo, ademais ¿quere mandarlle ao titular da propiedade o meu escrito?

-SR. ALCALDE.- Non. Visto o seu escrito, iniciar o expediente.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- E que sempre ten que poñerme a mín por diante,

como cando eu dixen o do barrido e limpeza das rúas, e comunicoulle aos empregados municipais que dixera eu que non estaban limpas, quedando mal…

Procédese á votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (6 do Grupo municipal socialista, 1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)
Votos en contra: ningún.
Abstencións: ningunha.

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que por unanimidade dos membros presentes, queda aprobada a moción antes transcrita.

**10º.- ASUNTOS URXENTES**.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde abre o turno de asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

**11º.- ROGOS E PREGUNTAS**.

Ao abeiro do sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da por iniciada a quenda de rogos e preguntas, sen que se formula algún.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente, A secretaria,